



Asinados os contratos para a mellora de eficiencia e o aforro enerxético do alumado público do Concello de Muros



O Alcalde de Muros, **Domingos Dosil Cubelo**, asinou con **Francisco Creo Martínez**, xerente da empresa Prolar XXI SL, ós contratos para a mellora da eficiencia e o aforro enerxético do alumado público no Concello de Muros por un importe total de cincocentos oitenta e dous mil euros (**582.000 €**).

Trátase de catro actuacións nas parroquias de Muros, Esteiro, Serres e Louro que foron incluídas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local. Teñen un prazo de execución de tres meses e van permitir a contratación de oito traballadores desempregados.

O proxecto de mellora da eficiencia e o aforro enerxético na parroquia de Esteiro ten un orzamento total de 139.000 €.

O proxecto de mellora da eficiencia e o aforro enerxético na parroquia de Serres ten un orzamento total de 141.000 €.

O proxecto de mellora da eficiencia e o aforro enerxético na parroquia de Muros ten un orzamento total de 173.000 €.

O proxecto de mellora da eficiencia e o aforro enerxético na parroquia de Louro ten un orzamento total de 129.000 €.